

Campus Virtual 2023/2024

Guía rápida para importar contidos entre aulas virtuais

A USC ofrece aos docentes acceso ao Campus Virtual do ano académico actual e anteriores. Deste xeito pode consultarse calquera dato e recuperar os materiais didácticos de ser preciso, simplificando o proceso de traslado dos materiais didácticos entre as aulas, sexan ou non do mesmo ano académico.

1. Acceder ao Campus Virtual: <https://cv.usc.es>
2. Acceder á aula de interese, á que imos importar os contidos, desde “**Os meus cursos**”.
3. Na cabeceira, no menú do curso “**Máis > Reutilizar o curso**”:
 - Paso 1 – Selección de cursos.** Buscar un curso dende o que importar datos: marcarase a aula que contén os materiais que vai a importar. Debe prestarse especial atención a que o ano académico sexa o correcto. Recoméndase indicar o código da materia no buscador situado ao pé da listaxe para filtrar as aulas que aparecen en pantalla.
 - Paso 2 – Axustes iniciais:** marcaranse todas as opcións > Seguinte
 - Paso 3 – Axustes do esquema:** marcaranse os contidos a importar. Desmarcarase o “Foro de novas” ou “Anuncios” para evitar que se cree un duplicado > Seguinte
 - Paso 4 – Confirmación e revisión** > Facer a importación
 - Paso 5 – Facer a importación.** Importación completada > Continuar > Volver ao curso
4. Ao rematar o proceso o sistema amosará a aula do novo curso cos contidos xa importados.

Dúbidas frecuentes

- As aulas están etiquetadas cun texto que inclúe o nome da materia, código e ano académico.
- Por defecto, **as aulas virtuais están ocultas para os estudantes**. Para facelas visibles é necesario acceder á aula correspondente, no menú do curso > Axustes > Visibilidade do curso" e modificar a opción "Agochar por Amosar" > Gardar e presentar.
- Durante o curso académico actual estarán accesibles os últimos cursos.
- Os estudantes matriculados en materias de cursos finalizados seguen tendo acceso aos contidos. Para evitalo unicamente é necesario ocultar a aula virtual correspondente. O PDI seguirá tendo acceso aínda que a aula ou os contidos estean ocultos.
- O tamaño máximo dos ficheiros permitidos no Campus Virtual é de **500 MB** por ficheiro.

- O Campus Virtual **recolle automaticamente a información das bases de datos de POD e Matrícula** para a maior parte das titulacións e cursos da USC. Non é necesario realizar ningún trámite adicional para ter acceso ao Campus Virtual. No caso de detectar incongruencias comprobarase en primeiro lugar que os datos recollidos na Secretaría Virtual do PDI sexan correctos.
- Se xorden **problemas técnicos** de acceso ás aulas contactarase co Centro de Atención a Usuarios (cau@usc.es). Para outras consultas contactarase directamente co Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (ceta@usc.es).



Centro de Formación de Persoal
Agosto de 2023

www.usc.gal/gl/servizos/unidades/centro-formacion-persoal